

A CARREIRA INOLVIDABLE

Cando o neniño tentou levantarse... mareouse e caeu. Collino en brazos e corrín todo o rápido que puiden cara ao hospital; o sangue corríame polas veas, notábao. Cada vez sentíame máis e máis cansa, pero seguín correndo para salvar a vida do meu veciño.

O que ocorrera era que estaba no meu cuarto castigada e de repente escoitara uns berros que proviñan de detrás da miña cama (trala miña cama hai unha parede que dá ao exterior) ali vin ao meu veciño chorando: caera pola ventá! E aquí estou correndo dous quilómetros, cansa e esvarándome a suor pola cara.

Cando estabamos chegando empecei a escoitar sirenas; todo volveuse borroso e caín.

Minutos máis tarde escoitei voces e vin unhas mans, sentínme segura e pechei os ollos...

Nerea López Tielas 1ºC